

-Na páxina 1.507, o código LER 020501 do anexo I, debe dicir: «020501 2, 5».

-Na páxina 1.507, na táboa do anexo I, despois do código LER «030310 1 Refugallo de fibras.....por separación mecánica», debe engadirse o código LER: «030311 1, 4 Lodos de tratamento *in situ* de efluentes distintos dos especificados no código 030310 e que non conteñan substancias perigosas».

-Na páxina 1.507, na táboa do anexo I, despois do código LER «040210 Materia orgánica... cera», debe engadirse o código LER: «040220 1, 4 Lodos do tratamento *in situ* de efluentes distintos dos especificados no código 040219 e que non conteñan substancias perigosas».

-Na páxina 1.509, na táboa do anexo I, despois do código LER «19 Residuos das instalacións.... para uso industrial», debe dicir: «1905 Residuos do tratamento aeróbico de residuos sólidos...».

-Na páxina 1.509, na táboa do anexo I, despois do código LER «1908 Residuos de plantas ... noutra categoría», debe dicir: «190802 1, 2, 5 Residuos de desareamento...».

-Na páxina 1.509, no código LER 190812 do anexo I, onde di: «190812 1, 4, 5...», debe dicir: «190812 1, 2, 4, 5...».

-Na páxina 1.509, no código LER 190814 do anexo I, onde di: «190814 1, 4, 5...», debe dicir: «190814 1, 2, 4, 5...».

-Na páxina 1.509, a norma 2 do anexo I, debe dicir: «Norma 2. Residuos admisibles sempre que se cumpran os requisitos previstos na normativa de aplicación, en particular o Regulamento (CE) 1774/2002, polo que se establecen as normas sanitarias...».

-Na páxina 1.510, no número 4 do anexo II, onde di: «UNE-EN-ISO: Salmonella», debe dicir: «UNE-EN-ISO-6579: Salmonella».

-Na páxina 1.511, o punto c.3 do anexo III, debe dicir: «c.3. Declaración do propietario de asumir o control e manter o uso definido durante o tempo mínimo de seguridade (5 anos)».

TRIBUNAL CONSTITUCIONAL

Conflicto positivo de competencia número (4682-2008).

O Pleno do Tribunal Constitucional, por providencia do 24 de xuño actual, admitiu a trámite o conflito positivo de competencia número 4682-2008, promovido pola Xunta de Galicia en relación coa Orde TAS/421/2008, do 19 de febreiro, pola que se establecen as bases reguladoras da concesión de subvencións sometidas ao réxime xeral de subvencións da Secretaría de Estado dos Servizos Sociais, Fami-

lias e Discapacidade, e de conformidade co disposto no artigo 10.2º LOTC na redacción dada pola Lei orgánica 6/2007, do 24 de maio, atribuír á Sala Segunda, á cal por quenda obxectiva lle corresponde, o coñecemento deste conflito.

Madrid, o vinte e catro de xuño de dous mil oito. A secretaria de Xustiza do Pleno. Herminia Palencia Guerra. Asinado e rubricado.

O secretario xeral
Rubricado

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

Decreto 150/2008, do 3 de xullo, polo que se aproban os estatutos do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 150.2º da Constitución española, a Lei orgánica 16/1995, do 27 de decembro, de transferencia de competencias á Comunidade Autónoma galega, transfire no marco da lexislación básica do Estado o desenvolvemento lexislativo e a execución en materia de corporacións de dereito público representativas de intereses económicos e profesionais, completando así o ámbito competencial determinado no artigo 27.29º do Estatuto de autonomía de Galicia.

A transferencia en materia de colexios oficiais ou profesionais fíxose efectiva a través do Real decreto 1643/1996, do 5 de xullo, e asumíuse polo Decreto 337/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, tendo a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza asignadas as competencias nesta materia, en virtude do Decreto 37/2007, do 15 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da citada consellería.

A Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, ditada en virtude da citada competencia, dispón no seu artigo 16, en relación co 18, que os colexios profesionais gozarán de autonomía para a elaboración, aprobación e modificación dos seus estatutos, sen mais límites que os establecidos polo ordenamento xurídico.

O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, creado mediante Decreto 237/2003, do 27 de marzo, por segregación do Colexio Oficial de Biólogos, acordou, en asemblea xeral realizada o día 28 de marzo de 2008, a aprobación dos seus estatutos, adaptados á Lei 11/2001, do 18 de setembro. Estes estatutos foron comunicados á Consellería de Presidencia,

Administracións Públicas e Xustiza, para os efectos da súa aprobación definitiva, logo da súa cualificación de legalidade.

Tendo en conta o exposto, e en virtude do uso da competencia atribuída polo artigo 34.5º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, por proposta do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día tres de xullo de dous mil oito,

DISPOÑO:

Artigo único.-Aprobación dos estatutos do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia.

Apróbanse, por ser adecuados á legalidade, os estatutos do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, que figuran como anexo a este decreto.

Disposición derradeira.

Este decreto entrará en vigor aos vinte días da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, tres de xullo de dous mil oito.

Emilio Pérez Touriño
Presidente

José Luis Méndez Romeu
Conselleiro de Presidencia, Administracións
Públicas e Xustiza

ANEXO

Estatutos do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia

CAPÍTULO I

DA NATUREZA, FINS E FUNCIÓNS DO COLEXIO

Artigo 1º.-*Natureza xurídica e denominación.*

1. O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia é unha corporación de dereito público que se constitúe baixo o amparo do artigo 36 da Constitución española; da Lei 2/1974, do 13 de febreiro, de colexios profesionais, modificada pola Lei 74/1978, do 26 de decembro e pola Lei 7/1997, do 14 de abril, sobre medidas liberalizadoras do solo e colexios profesionais; o Estatuto de autonomía de Galicia e a súa Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, polo Real decreto 1679/2000, do 2 de outubro, polo que se acorda a segregación da Delegación de Galicia do Colexio Oficial de Biólogos, e finalmente polo Decreto 237/2003, do 27 de marzo, polo que se crea o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia con estrutura interna democrática, independente da Administración, da cal non forma parte, sen prexuízo das relacións de dereito público que con ela legalmente lle correspondan.

2. O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia ten personalidade xurídica propia, plena capacidade

para o cumprimento dos seus fins e goza de plena autonomía no marco da normativa de aplicación.

Artigo 2º.-*Ámbito territorial.*

O seu ámbito territorial é a Comunidade Autónoma de Galicia, con carácter de colexio profesional único.

Artigo 3º.-*Domicilio.*

1. O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia terá a súa sede central en Santiago de Compostela, con domicilio na rúa García Prieto, 58-1º A.

2. O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia poderá establecer oficinas noutras cidades, dentro do ámbito territorial indicado, conforme o previsto no capítulo VI destes estatutos.

Artigo 4º.-*Relacións externas.*

Sen prexuízo doutras relacións, o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia relacionarase especialmente:

1. Coa Administración autonómica no relativo ás materias corporativas institucionais, a través do departamento correspondente.

2. Coa Administración local, a través dos entes que formen parte desta.

3. No ámbito territorial da Administración do Estado relacionarase a través do Consello Xeral de Colexios Oficiais de Biólogos, sen prexuízo de facelo directamente cando se trate de asuntos específicos das materias colexiais que afecten a profesión na Comunidade Autónoma de Galicia. O mesmo sucederá cando se trate das relacións do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia con entidades estranxeiras, organismos internacionais e outros colexios profesionais.

Artigo 5º.-*Fins.*

1. Son fins esenciais e fundamentais do colexio:

1.1. Ordenar e vixiar, de acordo co establecido polas leis, o exercicio da profesión de biólogo en todas as súas formas e especialidades.

1.2. Representar de maneira exclusiva no territorio da nosa comunidade autónoma os intereses xerais da profesión, especialmente nas súas relacións coa Administración, e defender os dereitos e intereses profesionais dos colexiados, sen prexuízo das competencias das administracións públicas por razón da relación funcional, nin das organizacións sindicais e patronais no ámbito específico das súas funcións.

1.3. Promoción, salvagarda e observancia dos principios deontolóxicos e éticos da profesión de biólogo e da súa dignidade e prestixio.

1.4. Promocionar e fomentar o progreso da bioloxía, o desenvolvemento científico e técnico da profesión, así como a solidariedade profesional e o servizo da profesión á sociedade.

1.5. Velar porque a actividade profesional se adecúe aos intereses dos cidadáns.

1.6. Colaborar cos poderes públicos na consecución dos dereitos individuais e colectivos recoñecidos pola Constitución.

1.7. Informar sobre todas as normas elaboradas pola Comunidade Autónoma de Galicia no referente ás condicións xerais do exercicio da profesión e sobre as funcións, os seus ámbitos, sobre honorarios orientativos, posibles tarifas ou aranceis, e o réxime de incompatibilidades da profesión de biólogo.

2. O cumprimento dos devanditos fins desenvolveuse no ámbito estritamente profesional e quedarán excluídas aquelas actividades que a Constitución española e o Estatuto de autonomía de Galicia lles atribúen especificamente aos partidos políticos, aos sindicatos e a outras asociacións.

Artigo 6º.-Funcións.

Para o cumprimento dos seus fins, o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia exercerá as funcións que a lexislación lles atribúe aos colexios profesionais e, en particular, as seguintes:

1. Facilitar aos seus colexiados o exercicio da profesión.

2. Exercer a representación e defensa da profesión de biólogo e dos seus intereses xerais ante os poderes públicos de Galicia e ante as restantes administracións, prestando a súa colaboración nas materias da súa competencia, para o cal poderá formalizar convenios cos organismos respectivos.

3. Actuar ante xuíces e tribunais, dentro e fóra do seu ámbito territorial, naqueles litixios que afecten os intereses profesionais dos seus membros coa lexitimación que lle é propia.

4. Encargarse do cobramento das percepcións, remuneracións e honorarios profesionais cando o colexiado o solicite libre e expresamente, en casos en que o colexio teña creados os servizos axeitados e nas condicións que establezan regulamentariamente os seus órganos de goberno.

5. Participar nos consellos ou organismos consultivos das distintas administracións públicas en materia da súa competencia profesional, cando as súas normas reguladoras o permitan, así como estar representado nos órganos de participación social existentes.

6. Participar, cando sexa requirido polo órgano administrativo competente, na elaboración dos plans de estudo, e informar das normas de organización dos centros docentes correspondentes á profesión, mantendo contacto con estes, así como preparando a información necesaria para facilitar o acceso á vida profesional de novos profesionais.

7. Estar representado nos consellos sociais das universidades, cando sexa designado para este fin polo órgano competente.

8. Facilitarlles aos órganos xurisdiccionais e ás administracións públicas a relación dos colexiados que puidesen ser requiridos para intervir como peritos, de acordo coa lista correspondente creada para o efecto.

9. Levar a cabo cantas funcións lle sexan encomendadas polas administracións públicas, así como a colaboración con estas mediante a realización de estudos, emisión de informes, elaboración de estatísticas e outras actividades relacionadas cos seus fins que lle sexan solicitadas ou acorde formular por propia iniciativa.

10. Ordenar, no ámbito da súa competencia, e de acordo co previsto nas leis, a actividade profesional dos colexiados, velando pola ética e dignidade profesional e polo debido respecto aos dereitos dos particulares, exercendo, se cabe, a facultade disciplinaria na orde profesional e colexial.

11. Establecer baremos de honorarios profesionais orientativos.

12. Realizar os recoñecementos de sinatura e o visado de plans, programas, proxectos, informes, ditames, valoracións, peritaxes e demais traballos realizados polos biólogos no exercicio da súa profesión, así como editar e distribuír impresos dos certificados oficiais que para esta función aproben os órganos de goberno colexiais.

13. Intervir, pola vía da conciliación ou arbitraxe, nas cuestións que, por motivos profesionais, se susciten entre os colexiados e, en xeral, procurar a harmonía, colaboración e solidariedade entre eles, impedindo a competencia desleal no exercicio da profesión.

14. Resolver, por laudo, conforme a lexislación en materia de arbitraxes e os seus propios regulamentos de procedemento, as discrepancias que lle sometan as partes sobre o cumprimento das obrigas dimanantes dos traballos realizados polos colexiados no exercicio da profesión.

15. Impedir e, de ser o caso, denunciar ante a Administración pública competente, e incluso perseguir ante os tribunais de xustiza, todos os casos de intrusismo profesional que afecten os biólogos e o exercicio da profesión.

16. Manter un activo e eficaz servizo de información sobre os postos de traballo para desenvolver por biólogos, co fin de conseguir unha maior eficacia no seu exercicio profesional.

17. Emitir informe os proxectos de lei e as disposicións de carácter xeral ou de calquera outro rango que se refiran ás condicións xerais do exercicio profesional, incluídos a titulación requirida, as incompatibilidades e os honorarios.

18. Emitir informe nos procedementos xudiciais ou administrativos en que se discutan cuestións relativas a honorarios e actividades profesionais.

19. Garantir unha organización colexial eficaz, promovendo o funcionamento de seccións especializadas, fomentando as actividades e servizos comúns de interese colexial e profesional nas ordes formativa, cultural, administrativa, asistencial e de previsión. Para estes efectos, poderá establecerse a colaboración con outros colexios profesionais e entidades legalmente constituídas.

20. Administrar a economía colexial, repartindo equitativamente as cargas mediante a fixación das necesarias cotas de achega dos colexiados, recadándoas, custodiándoas e distribuíndoas segundo o orzamento aprobado e as necesidades existentes; levando unha clara e rigorosa contabilidade.

21. Organizar cursos para procurar a formación permanente e o perfeccionamento da actividade profesional dos biólogos, de acordo coas necesidades da profesión e calquera outro tipo de actividades para o desenvolvemento profesional dos biólogos.

22. Promover as relacións entre os biólogos de Galicia e destes co resto dos españois e doutros estados, así como exercer a representación da profesión de biólogo na Comunidade Autónoma de Galicia.

23. Cumprir e facer cumprir aos colexiados as leis xerais e especiais que afectan a profesión de biólogo e os estatutos profesionais e regulamentos de réxime interior, de ser o caso, así como as normas e acordos adoptados polos órganos de goberno do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia en materias da súa competencia.

24. Exercer a potestade disciplinaria sobre quen incumpra os seus deberes colexiais ou profesionais, de carácter legal ou deontolóxico.

25. Velar pola correcta difusión, nos medios de comunicación do noso ámbito territorial, dos avances significativos da bioloxía. Facilitarlles a estes medios, cando sexa necesario, comunicados aclaratorios e precisos.

26. Ditar normas sobre organización e funcionamento interno para o desenvolvemento e a aplicación destes estatutos.

27. Todas as demais funcións que lle sexan atribuídas polas disposicións legais vixentes e autorizadas polos estatutos e que beneficien os intereses profesionais dos colexiados ou da profesión e se encamiñen ao cumprimento dos obxectivos colexiais.

CAPÍTULO II

DA ADQUISICIÓN, DENEGACIÓN E PERDA DA CONDICIÓN DE COLEXIADO

Artigo 7º.-*Membros do colexio.*

1. O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia agrupará os cidadáns españois e estranxeiros que o soliciten e que acrediten, mediante as formas legalmente establecidas, estar en posesión do título oficial de licenciado en bioloxía, ou ben os títulos oficiais que se homologan a este, de acordo co establecido polo

Real decreto 1954/1994, do 30 de setembro, sobre homologación de títulos aos do Catálogo de Títulos Universitarios Oficiais, creado polo Real decreto 1497/1987, do 27 de novembro.

2. De igual modo, prevese que poderán ser membros do colexio aqueles titulados que posúan un título oficial universitario superior que proveña da desagregación dos títulos mencionados anteriormente noutros relativos a áreas concretas da bioloxía.

3. Así mesmo, poderanse integrar tamén no Colexio Oficial de Biólogos de Galicia aqueles licenciados e doutores en ciencias naturais que foran membros de asociacións de licenciados en ciencias biolóxicas, ou estean integrados nas seccións profesionais de biólogos dos colexios oficiais de doutores e licenciados en filosofía e letras e en ciencias, e os que, non sendo membros destas entidades e cumprindo os requisitos que regulamentariamente se establezan, demostren unha dedicación continuada á bioloxía.

4. Poderán ser membros do colexio todos os españois e estranxeiros que acrediten, igualmente de modo legal, estar en posesión dun título universitario superior de carácter oficial, expedido por unha universidade estranxeira, coa cal as autoridades educativas españolas teñan establecido un convenio de reciprocidade académica cos títulos mencionados na alínea a), ou ben que lle sexa validado ou homologado oficialmente polo título oficial de licenciado en bioloxía.

5. Para obter a colexiación, ademais de demostrar estar en posesión dalgunha das titulacións antes referidas, deberase solicitar por escrito á Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, xa sexa directamente ou a través dunha das súas oficinas, e tamén aboar a cota de inscrición ao colexio así como a parte proporcional da cota anual ordinaria.

Artigo 8º.-*Obrigatoriedade da colexiación.*

1. A incorporación ao Colexio Oficial de Biólogos de Galicia é obrigatoria para o exercicio da profesión de biólogo, sen prexuízo do dereito á libre sindicación. Os funcionarios e o persoal laboral das administracións públicas en Galicia non necesitarán estar colexiados para o exercicio das súas funcións administrativas, nin para a realización de actividades propias dunha profesión por conta daquelas, cando o destinatario inmediato destas actividades sexa a Administración.

2. Os colexiados inscritos noutros colexios oficiais de biólogos que ocasionalmente exerzan a profesión de biólogo en Galicia deberán comunicar, a través do colexio en que estean inscritos, as actuacións que deban realizar en Galicia, co fin de estar sometidos ás condicións que en canto a dereitos e deberes colexiais, competencias de ordenación, visado, control deontolóxico e potestade disciplinaria teña establecidas o Colexio Oficial de Biólogos de Galicia.

Isto non suporá formalizar unha nova inscrición co Colexio Oficial de Biólogos de Galicia nin unha variación na cota colexial anual.

Artigo 9º.-Solicitudes de colexiación.

As peticións de colexiación tramitaranse da forma seguinte:

1. Toda petición de incorporación ao Colexio Oficial de Biólogos de Galicia deberase formalizar por escrito na secretaría do colexio ou nalgunha das súas oficinas, persoalmente ou por correo, mediante instancia dirixida ao decano/a, adxuntando a documentación que estableza a Xunta de Goberno. Esta petición será resolta pola Xunta de Goberno no prazo máximo de tres meses desde a súa formulación.

2. Este prazo quedará interrompido se a documentación presentada for incompleta e polo tempo que o interesado tarde en completala. Se o solicitante non responde ao requirimento de emenda dentro do termo de tres meses, a solicitude decaerá e procederase ao seu arquivo.

3. Transcorrido o prazo anterior sen que recaese resolución expresa sobre a solicitude formulada, esta poderá entenderse estimada, nos términos establecidos no artigo 43 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, en cuxo caso o colexio estará obrigado a emitir a certificación acreditativa do silencio administrativo producido, cando sexa requirido para iso polo interesado.

4. Contra as resolucións denegatorias das peticións de incorporación, que se lle deberán comunicar ao solicitante de forma debidamente razoada, cabe recurso de alzada ante a Xunta Xeral, que deberá interporse no prazo dun mes desde a data de notificación da resolución denegatoria de incorporación ao colexio.

5. Contra a resolución do recurso de alzada, que lle pon fin á vía administrativa, poderá interporse recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos establecidos para esta xurisdición.

Artigo 10º.-Causas de denegación.

A colexiación poderá ser denegada:

1. Por non acreditación ou incumprimento das condicións e dos requisitos establecidos no artigo 7º destes estatutos.

2. Cando o solicitante non complete a súa solicitude ou presente documentos ou certificados para resolver as dúbidas sobre a súa autenticidade que puidesen xurdir, no prazo dado para iso, segundo o establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999.

3. Cando o peticionario estea baixo condena imposta polos tribunais de xustiza que leve anexa

unha pena accesoria de inhabilitación para o exercicio da profesión.

4. Cando estivese suspendido no exercicio da profesión por calquera outro colexio de biólogos dos creados no territorio español e non obtivese a correspondente rehabilitación.

5. Cando fose dado de baixa en calquera outro colexio oficial de biólogos do territorio español por impago da cota colexial segundo se establece no artigo 11º destes estatutos.

Artigo 11º.-Perda da condición de colexiado.

1. Pérdese a condición de colexiado en calquera das seguintes circunstancias:

1.1. Por defunción.

1.2. Por petición propia, solicitada por escrito dirixido ao decano/a do Colexio de Biólogos de Galicia; esta petición non será eximente das obrigas que o interesado teña contraídas co colexio con anterioridade á súa solicitude.

1.3. Por pena de inhabilitación para o exercicio profesional por sentenza xudicial firme, a baixa será de oficio e polo mesmo período polo que dure a inhabilitación.

1.4. Por falta de pagamento da cota colexial de dous recibos consecutivos ou doutras achegas establecidas polos órganos de goberno do colexio, logo de requirimento do pagamento, por correo certificado, realizado con dous meses de antelación.

1.5. Expulsión decretada en resolución de expediente disciplinario tramitado de acordo co réxime disciplinario establecido no capítulo IX.

2. En todo caso, a perda da condición de colexiado polas causas expresadas nos números 3 e 4 deste artigo deberán ser comunicadas por correo certificado ao interesado, momento en que producirá efecto. As perdas da condición de colexiado deberán ser informadas aos colexiados a través da Xunta Xeral seguinte á data en que produciu efecto, explicando a que circunstancia se debe tal feito.

3. En calquera caso, a perda da condición de colexiado non eximirá do cumprimento das obrigas adquiridas polo interesado co Colexio Oficial de Biólogos de Galicia con anterioridade á formalización da baixa; estas obrigas poderánselles exixir tanto ao interesado en cada caso como aos seus herdeiros.

Artigo 12º.-Reincorporación.

1. O biólogo que, tendo causado baixa no Colexio Oficial de Biólogos de Galicia por un dos motivos recollidos no anterior artigo 11º, desexe incorporarse a el de novo, deberá aterse ao que se dispón no artigo 9º destes estatutos.

2. Ademais, cando o motivo da baixa fose o que dispón o artigo 11º.1.3 destes estatutos, o solicitante

te deberá acreditar o cumprimento da pena ou sanción que motivou a súa baixa colexial.

3. Ademais, cando o motivo da baixa fose o que dispón o artigo 11°.1.4 destes estatutos, o solicitante deberá satisfacer a débeda pendente máis os intereses legais desde a data de libramento daquela.

Artigo 13°.-*Traslados entre colexios oficiais de biólogos.*

1. Cando un colexiado solicite por escrito dirixido á Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia o traslado da súa colexiación a outro colexio oficial de biólogos, causará baixa por traslado no Colexio Oficial de Biólogos de Galicia e alta no que lle corresponda polo traslado.

2. Se o traslado é solicitado por un colexiado doutro colexio oficial de biólogos, tramitarase a súa alta no Colexio Oficial de Biólogos de Galicia e a súa baixa no colexio que corresponda a través da Secretaría do colexio de procedencia.

3. O cambio de colexio non exixirá en ningún dos dous casos o pagamento de ningunha cota especial por parte do colexiado e non terán a consideración de reincorporacións, en ningún caso, as altas por traslado.

En canto á repartición da cota colexial anual desembolsada polo colexiado entre os colexios de orixe e de destino, estarase ao disposto para o respecto polo Consello Xeral de Colexios de Biólogos.

4. Un colexiado poderá solicitar cantas veces lle sexa preciso ou necesario o traslado da súa colexiación.

Artigo 14°.-*Membros de honra.*

1. A Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia poderalle propoñer á Xunta Xeral o nomeamento como membros de honra do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia ás persoas que, polos seus méritos científicos, técnicos ou profesionais, calquera que sexa a súa titulación académica, teñan contribuído notoriamente ao desenvolvemento da bioloxía ou da profesión de biólogo. A Xunta Xeral outorgará dito nomeamento, de ser o caso.

2. En caso de outorgarlle o nomeamento a un colexiado, este nomeamento terá un estrito carácter honorífico, sen prexuízo da participación na vida colexial e nos servizos do colexio por parte do colexiado, de acordo co que establece o artigo 15° dos estatutos, con excepción do que fai referencia á participación nos órganos de goberno colexiais.

3. Os membros da Xunta de Goberno, canto a que desempeñan o cargo para o cal foron elixidos, non poden presentarse, nin ser propostos, para ser nomeados membros de honra do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia.

CAPÍTULO III

DOS DEREITOS E DEBERES DOS COLEXIADOS

Artigo 15°.-*Dereitos.*

Son dereitos dos colexiados do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia:

1. Exercer a profesión de biólogo.
2. Ser asistido, asesorado e defendido polo colexio, de acordo cos medios de que este dispoña e nas condicións que regulamentariamente se fixen, en todas as cuestións que se susciten con motivo do exercicio recto e lexítimo da profesión.
3. Presentar para rexistro e visado documentos relacionados co seu traballo profesional.
4. Ser representado pola Xunta de Goberno do colexio, cando así o solicite, nas reclamacións de calquera tipo dimanantes do exercicio profesional. Utilizar os servizos e medios do colexio nas condicións que regulamentariamente se fixen.
5. Participar, como electores e como elixibles, en cantas eleccións se convoquen no ámbito colexial; intervir de forma activa na vida do colexio; ser informado, informar e participar con voz e voto nas xuntas xerais do colexio.
6. Formar parte das comisións sectoriais que se establezan.
7. Integrarse nas institucións de previsión que se establezan, nas condicións que se fixen regulamentariamente.
8. Presentarlle á Xunta de Goberno escritos con peticións, queixas ou suxestións relativas ao exercicio profesional ou á boa marcha do colexio.
9. Recibir, con regularidade, información sobre a actividade colexial e de interese profesional mediante un boletín informativo e circulares internas do colexio.

10. Obter a convocatoria do referendo sobre calquera cuestión e a convocatoria e inclusión de puntos na orde do día dun órgano de goberno colexiado, na forma que regulamentariamente se estableza.

11. Examinar os arquivos e rexistros que reflectan a actividade colexial da forma que regulamentariamente se estableza.

12. Expresar libremente, sen censura previa e baixo a súa exclusiva responsabilidade, a súa opinión sobre calquera aspecto profesional ou da actividade colexial no boletín de información colexial.

13. Gardar o segredo profesional respecto aos datos e á información coñecidos con ocasión do exercicio profesional.

Artigo 16°.-*Deberes.*

Son deberes dos colexiados do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia:

1. Exercer a profesión eticamente e, en particular, aténdose ás normas deontolóxicas establecidas nos

estatutos e ás que poidan acordar os órganos de goberno colexiais.

2. Colaborar no prestixio e bo nome da profesión de biólogo e en todo aquilo que o identifica.

3. Cumprir as normas que rexen a vida colexial, así como os acordos adoptados polos órganos de goberno do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, sen prexuízo dos recursos oportunos.

4. Presentarlle ao colexio declaracións profesionais, contratos e demais documentos que lle sexan requiridos, conforme as disposicións estatutarias e regulamentarias.

5. Comunicarlle ao colexio, nun prazo de trinta días hábiles, os cambios de residencia, domicilio ou correo electrónico.

6. Comunicarlle ao Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, nun prazo de quince días hábiles, as actuacións que realicen no exercicio da profesión fóra da Comunidade Autónoma de Galicia para que este proceda á súa notificación ao colexio oficial de biólogos que corresponda segundo o lugar de destino.

7. Aboar, cando sexan libradas, as cotas e achegas establecidas polos órganos de goberno do colexio.

8. Desenvolver con dilixencia e eficacia os cargos para os cales fose elixido e cumprir os encargos que os órganos de goberno poidan encomendarlle.

9. Respetar os dereitos profesionais ou colexiais doutros colexiados.

10. Cooperar coa Xunta Xeral e coa Xunta de Goberno, prestando declaración e facilitando información nos asuntos de interese colexial en que poida ser requirido, sen prexuízo do segredo profesional.

11. Poñer en coñecemento dos órganos de goberno do colexio todos os feitos que poidan achegar algún interese á profesión, tanto particular coma colectivamente considerados.

12. Estar en posesión do carné de identidade profesional.

13. Gardar escrupulosamente o segredo profesional.

14. Favorecer as relacións dos demais colexiados, incluídos os pertencentes a outros colexios oficiais de biólogos.

CAPÍTULO IV

OS PRINCIPIOS BÁSICOS REGULADORES DO EXERCICIO PROFESIONAL

Artigo 17º.-*Funcións da profesión.*

1. Conforme o previsto no artigo 36 da Constitución, a lei regulará o exercicio da profesión titulada de biólogo e as actividades para o exercicio das cales é obrigatoria a incorporación ao Colexio Oficial de Biólogos de Galicia.

2. Sen prexuízo do anterior, así como das atribucións profesionais e normas de colexiación que se conteñan nas leis reguladoras doutras profesións, o

Colexio Oficial de Biólogos de Galicia considera funcións que pode desempeñar o biólogo na súa actividade profesional as que a título enunciativo se relacionan a seguir, así como todas aquelas que lle sexan recoñecidas por lei ou polos tribunais de xustiza:

2.1. Estudo, identificación e clasificación dos organismos vivos, os seus restos e sinais da súa actividade, así como as súas moléculas e agrupacións.

2.2. Investigación, desenvolvemento e control de procesos biolóxicos industriais (biotecnoloxía).

2.3. Producción, transformación, manipulación, conservación, identificación e control de calidade de materiais de orixe biolóxica.

2.4. Identificación, estudo e control dos axentes biolóxicos e demais parámetros que afectan a conservación de toda clase de seres vivos, materiais e produtos.

2.5. Estudos biolóxicos e control da acción de produtos químicos e biolóxicos de utilización na sanidade e nos sectores agrario, industrial e de servizos.

2.6. Identificación, estudo, manexo e control de axentes biolóxicos patóxenos e dos seus produtos tóxicos. Control de epidemias, epizootias e pragas.

2.7. Producción, transformación, control e conservación de alimentos.

2.8. Estudos e análises físicas, fisiolóxicas, bioquímicas, citolóxicas, xenéticas, histolóxicas, microbiolóxicas, inmunolóxicas de mostras biolóxicas, incluídas as de orixe humana e para análises clínicas.

2.9. Estudos demográficos, epidemiolóxicos e nutricionais.

2.10. Consello xenético e planificación familiar. Reprodución asistida.

2.11. Análises biolóxicas, control, potabilización e depuración das augas.

2.12. Estudos, análises e tratamento da contaminación de calquera orixe.

2.13. Planificación e xestión racional dos recursos naturais renovables, terrestres e acuáticos (mariños e continentais).

2.14. Avaliación ecolóxica e traballos de planificación e xestión aplicados á conservación da natureza, á ordenación do territorio e ao desenvolvemento sustentable.

2.15. Estudos de impacto ambiental en todas as súas fases e auditorías ambientais.

2.16. Dirección e xestión de espazos naturais protexidos. Elaboración de plans e proxectos de conservación e/ou xestión de especies silvestres, así como dirección da súa aplicación e intervención nela.

2.17. Organización, implantación, coordinación e dirección de sistemas de xestión ambiental en empresas, organismos públicos ou privados ou en calquera institución.

2.18. Peritaxes e expedición de certificados, sen prexuízo da dependencia funcionarial ou laboral.

2.19. Dirección e xestión de parques zoolóxicos, xardíns botánicos, museos de ciencias, acuarios e centros de interpretación da natureza. Bioloxía do lecer.

2.20. Educación e divulgación sanitaria e ambiental.

2.21. Ensino da bioloxía nos termos establecidos pola lexislación educativa.

2.22. Asesoramento científico e técnico sobre temas biolóxicos e ambientais.

2.23. Todas aquelas actividades que garden relación coa bioloxía.

Artigo 18º.-Modos do exercicio da profesión.

1. A profesión de biólogo pode exercerse de forma liberal, xa sexa individual ou asociativamente, en relación laboral con calquera empresa pública ou privada ou mediante relación suxeita a dereito administrativo.

2. En calquera caso, o exercicio da profesión baséase no respecto á independencia do criterio profesional, sen límites ilexítimos ou arbitrarios no desenvolvemento do traballo e no servizo á comunidade.

Artigo 19º.-Visado de traballos profesionais.

1. O visado é un acto colexial de control da actividade profesional dos seus colexiados e supón a acreditación da condición de colexiado do autor do proxecto, da súa capacidade técnica corporativa, legal e deontolóxica, da vixilancia do réxime de incompatibilidades e da aparencia de corrección legal do proxecto que se visa. O colexiado autor será responsable do contido e oportunidade do traballo.

2. O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia establecerá normas e requisitos para a realización e o visado dos traballos profesionais, así como o procedemento para a súa obtención. Estas normas serán aprobadas pola Xunta Xeral, por proposta da Xunta de Goberno e logo de informe colexial.

3. O visado non impondrá obrigas en canto aos honorarios nin ás demais condicións contractuais, determinación que corresponde ao libre acordo entre as partes.

Artigo 20º.-Rexistro de traballos profesionais.

1. Nos traballos que, polo seu carácter confidencial, non sexa posible tramitar regulamentariamente o seu rexistro e visado, procederase a isto cando tal circunstancia teña desaparecido.

2. Os colexiados poderán requirir, por causas xustificadas, que os documentos presentados a rexistro ou visado queden custodiados baixo selo, que non poderá abrirse ata que as referidas circunstancias teñan desaparecido.

Artigo 21º.-Publicidade.

O biólogo evitará toda forma de competencia desleal, aténdose na súa publicidade ás normas que establezan os órganos de goberno do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia.

CAPÍTULO V

DOS ÓRGANOS DO COLEXIO, DAS SÚAS NORMAS DE CONSTITUCIÓN E FUNCIONAMENTO E DAS SÚAS COMPETENCIAS

Artigo 22º.-Órganos do colexio.

Os órganos de representación, desenvolvemento normativo, control, goberno e administración do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia son:

-A Xunta Xeral.

-A Xunta de Goberno.

-O decano/a.

Artigo 23º.-Xunta Xeral.

1. A Xunta Xeral do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia é o órgano de desenvolvemento normativo e de control da xestión da Xunta de Goberno. A Xunta Xeral, como órgano supremo do colexio, está constituída por todos os colexiados con igualdade de voto e adoptará os seus acordos polo principio maioritario e en concordancia con estes estatutos.

2. As sesións da Xunta Xeral, que poderán ser de carácter ordinario e extraordinario, convocaranse sempre cunha antelación mínima de vinte días hábiles respecto á data da súa celebración, mediante comunicación escrita e individual a todos os colexiados; a convocatoria incluírá o lugar, a data e hora da reunión, así como a orde do día e a información complementaria a que se refire o artigo 24º destes estatutos.

3. A Xunta Xeral, sexa ordinaria ou extraordinaria, quedará validamente constituída en primeira convocatoria cando, á hora fixada ao respecto, estean presentes polo menos o 25 por cento dos colexiados convocados.

4. No caso de non alcanzarse o devandito límite, a segunda convocatoria quedará fixada media hora máis tarde da primeira convocatoria, e quedará validamente constituída, calquera que sexa o número de colexiados asistentes e o seus acordos son vinculantes para todos os colexiados, a excepción de que a xunta inclúa na súa orde do día unha moción de censura, en tal caso será exixible o *quorum* de asistencia determinado que se establece no artigo 28º.

5. A Xunta de Goberno, no punto rogos e preguntas, recollerá todas as que formulen os colexiados mediante petición escrita presentada, como mínimo, cinco días hábiles antes da data da reunión.

6. Cando teña lugar a discusión relativa aos puntos 1.1, 1.2 e 1.3 do artigo 24º, será necesario o envío previo de información aos colexiados convocados.

7. Queda expresamente prohibido adoptar acordos respecto a asuntos que non figuren na orde do día.

Artigo 24º.-Competencias da Xunta Xeral.

Aprobación de asuntos e adopción de acordos.

1. Aprobar a proposta de estatutos así como as propostas das súas modificacións para a súa elevación ao Goberno autonómico, a través da consellería competente. Así mesmo, aprobar os regulamentos de réxime interno cando sexan necesarios, as súas modificacións e as bases de creación e proxectos de estatutos de institucións promovidas polo Colexio Oficial de Biólogos de Galicia.

2. Aprobar as normas xerais que se deben seguir nas materias de competencia colexial, así como as normas de honorarios profesionais orientativos no Estatuto profesional do biólogo.

3. Aprobar a conta xeral de ingresos e gastos do ano anterior, logo de informe dos auditores externos e independentes que sexan contratados para o efecto.

4. Aprobar os orzamentos ordinarios o extraordinarios, que serán enviados a cada colexiado ou, no seu defecto, expostos publicamente cando menos os quince días anteriores ao día correspondente á Xunta Xeral.

5. Aprobar as cotas ordinarias e extraordinarias. Por proposta da Xunta de Goberno, a Xunta Xeral poderá fixar cotas reducidas para colectivos específicos entre os colexiados, logo de xustificación dos motivos da redución proposta. Decidir sobre as propostas de investimento de bens colexiais.

6. Tomar acordos sobre a xestión da Xunta de Goberno.

7. Tomar acordos sobre os asuntos que por iniciativa da Xunta de Goberno aparezan anunciados na orde do día.

8. Coñecer as reclamacións e recursos formulados polo Colexio Oficial de Biólogos de Galicia e igualmente os formulados contra o colexio.

9. Aprobar a apertura, o funcionamento e peche de oficinas do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia no territorio autonómico.

10. Aprobar, modificar ou revogar os acordos da Xunta de Goberno en canto ao cadro orgánico de persoal e/ou os cambios de domicilio da sede central e/ou das oficinas do colexio na comunidade.

11. Aprobar a acta da Xunta Xeral anterior.

12. Aprobar a moción de censura, se procede, da actuación do decano/a do colexio, de todos ou par-

te dos membros da Xunta de Goberno e, en consecuencia, aprobar, se é o caso, o seu cesamento.

13. Promover a disolución do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, ou o cambio da súa denominación, de acordo co que se estableza nestes estatutos.

14. Coñecer, discutir e, se for o caso, aprobar cantas propostas lle sexan sometidas e correspondan á esfera da acción e dos intereses do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, por iniciativa da Xunta de Goberno ou de calquera colexiado. Neste último caso, as propostas deberán seren presentadas coa suficiente antelación para seren incluídas na orde do día, como puntos específicos dela. Cando estas propostas sexan presentadas, cando menos polo 10 por 100 dos colexiados, será obrigatoria a súa inclusión na orde do día.

15. Todas as demais atribucións que non estivesen expresamente conferidas á Xunta de Goberno.

Artigo 25º.-Participación e representación na Xunta Xeral.

1. Todos os colexiados que estean no pleno exercicio dos seus dereitos colexiais teñen o dereito de asistir á Xunta Xeral do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia con voz e voto.

2. Unha vez que a Xunta Xeral quede validamente constituída, os seus acordos serán vinculantes para todos os colexiados.

3. Os colexiados poderán participar na Xunta Xeral mediante representación. A representación deberá outorgarse a outro colexiado de forma expresa, para unha sesión determinada, por medio dun escrito dirixido ao decano/a en que se exprese claramente o nome de quen posúa a representación. Só serán válidas as representacións que foran recibidas pola Secretaría da sede central antes de iniciarse a sesión da Xunta Xeral.

4. En ningún caso un só colexiado poderá posuír a representación simultánea de máis de 25 colexiados.

Artigo 26º.-Funcionamento da Xunta Xeral.

1. As sesións da Xunta Xeral estarán presididas polo decano/a, que estará acompañado polos membros da Xunta de Goberno.

2. O decano/a será o moderador ou coordinador das reunións, concedendo ou retirando o uso da palabra e ordenando os debates e as votacións.

3. Actuará como secretario da Xunta Xeral o que o sexa da Xunta de Goberno, que levantará acta da reunión, co visto e prace do decano/a e a aprobación posterior da seguinte Xunta Xeral.

4. Os acordos tomaranse por maioría simple entre os votos emitidos. Porén, os acordos exixirán unha maioría da metade máis un dos votos emitidos cando se trate da aprobación de cambios nos estatutos, cotas extraordinarias, moción de censura contra a Xunta de Goberno en Pleno ou contra algún dos

membros e disolución ou cambio de denominación do colexio.

Artigo 27º.-Réxime das sesións ordinarias.

A Xunta Xeral reunirase en sesión ordinaria antes do 1 de maio de cada ano, para tratar, como mínimo, os temas seguintes:

1. Acta da sesión anterior.
2. Balance do exercicio anterior e orzamento do exercicio do ano en curso.
3. Memoria da xestión da Xunta de Goberno ao longo do exercicio anterior e liñas xerais da xestión do ano en curso.

4. Rogos e preguntas.

Artigo 28º.-Réxime das sesións extraordinarias.

A Xunta Xeral reunirase con carácter extraordinario:

1. Por iniciativa da Xunta de Goberno.
2. Por petición dun número de Colexiados superior ao 10 por 100, que deberá incluír as cuestións que se van tratar. A Xunta Xeral convocada por este procedemento terá lugar nun prazo máximo de 30 días hábiles a partir da data de rexistro de entrada da petición dos Colexiados na Secretaría da sede central do colexio.

3. Cando se presente unha moción de censura contra a Xunta de Goberno en Pleno ou contra algún dos seus membros por un vinte e cinco por cento dos Colexiados, que deberán, ademais, presentarlle á Xunta Xeral Extraordinaria a proposta de composición para a nova Xunta de Goberno en Pleno ou, de ser o caso, para substituír o/os membros contra os cales se presenta a moción. A Xunta Xeral convocada por este procedemento terá lugar nun prazo máximo de 30 días hábiles a partir da data de rexistro de entrada da petición dos Colexiados na Secretaría da sede central do colexio. A moción de censura poderá tratarse nunha xunta xeral extraordinaria convocada con ese único asunto na orde do día e que só quedará validamente constituída se hai *quorum*; é dicir, cando asista un 25% do censo de Colexiados en primeira convocatoria ou un 10% deste en segunda convocatoria.

A moción entenderase aprobada co voto favorable da metade máis un dos votos emitidos polos Colexiados presentes na Xunta Xeral Extraordinaria validamente constituída. A duración do mandato da nova Xunta de Goberno será, en calquera caso, polo mesmo período de tempo que lle restaba de lexislatura á anterior Xunta de Goberno ata a convocatoria de novas eleccións.

En caso de non reunirse o *quorum* necesario ou non resultar aprobada, darase por desestimada a moción e non poderán os mesmos avalistas promover unha nova moción de censura durante o resto da lexislatura.

4. Cando se pretendan modificar estes estatutos segundo o establecido no capítulo XII.

Artigo 29º.-Natureza e composición da Xunta de Goberno.

1. A Xunta de Goberno é o órgano Colexiado que representa a dirección, administración e representación do colexio, á vez que é o órgano executivo das decisións Colexiais. Estará composta polo decano/a, vicedecano/a, secretario/a, tesoureiro/a e un mínimo de tres vogais.

2. Os membros da Xunta de Goberno serán elixidos de acordo co procedemento establecido no capítulo VII destes estatutos.

Artigo 30º.-Da execución dos acordos e libros de actas.

1. Tanto os acordos da Xunta Xeral como da Xunta de Goberno serán inmediatamente executivos, agás acordo motivado en contra dunha ou doutra, segundo corresponda.

2. No colexio levaranse, obrigatoriamente, dous libros de actas, onde se transcribirán separadamente as correspondentes á Xunta Xeral e á Xunta de Goberno. Estas actas deberán ser asinadas polo decano/a ou por quen, nas súas funcións, tivese presidido a xunta, e polo secretario ou quen tivese desempeñado funcións de tal nela.

3. Os membros da Xunta de Goberno serán responsables dos acordos adoptados aínda que non estivesen presentes na reunión en que se adopten, agás cando quede constancia expresa do seu voto en contra ou a súa ausencia teña sido por causa xustificada comunicada por escrito á secretaria da sede central do colexio con anterioridade á reunión ou con posterioridade nun prazo non superior a cinco días hábiles.

Artigo 31º.-Competencias da Xunta de Goberno.

Son competencias da Xunta de Goberno:

1. Exercer a representación do colexio.
2. Executar os acordos da Xunta Xeral.
3. Cumprir e facer cumprir os estatutos e regulamentos do colexio, así como os seus propios acordos.
4. Dirixir a xestión e administración do colexio para o cumprimento dos seus fins.
5. Manifestar, en forma oficial e pública, a opinión do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia nos asuntos de interese profesional.
6. Representar os intereses profesionais ante os poderes públicos, así como velar polo prestixio da profesión e a defensa dos seus dereitos.

7. Presentar estudos, informes e ditames cando lle sexan requiridos, asesorando desta forma os órganos do Estado e calquera entidade pública ou privada. Para estes efectos, a Xunta de Goberno poderá designar comisións de traballo, ou designar os Cole-

xiados que considere oportunos para preparar tales estudos ou informes.

8. Designar, cando proceda legal ou regulamentariamente, os representantes do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia nos órganos consultivos das distintas administracións públicas.

9. Acordar o exercicio de accións e a interposición de recursos administrativos e xurisdicionais.

10. Someter calquera asunto de interese xeral para o colexio á deliberación e ao acordo da Xunta Xeral.

11. Regular os procedementos de colexiación, baixa, pagamento de cotas e outras achegar, cobramento de honorarios, todo isto de acordo co establecido no capítulo II destes estatutos.

12. Regular e exercer as facultades disciplinarias que lle correspondan á Xunta de Goberno, aténdose ao establecido nestes estatutos.

13. Organizar actividades e servizos de carácter cultural, profesional, asistencial e de previsión en beneficio dos colexiados.

14. Crear comisións abertas, por iniciativa propia ou dos colexiados, de acordo co establecido nestes estatutos; estudar as súas propostas e darlles o visto e praxe conforme a súa viabilidade económica e a súa adecuación a outras normas e acordos da Xunta Xeral e da propia Xunta de Goberno.

15. Recadar as cotas e achegas establecidas, elaborar o orzamento anual, o balance anual, executar o orzamento e organizar e dirixir o funcionamento dos servizos xerais do colexio.

16. Acordar a apertura de contas correntes ou de aforro do colexio autorizando a sinatura de tres membros da Xunta de Goberno, dous dos cales deberán ser o decano/a e o tesoureiro, sendo necesaria a sinatura conxunta de cando menos dous deles en calquera caso para os movementos de retirada de fondos das devanditas contas.

17. Informar aos colexiados das actividades e acordos do colexio e preparar a memoria anual da súa xestión.

18. Contratar e destituír o persoal ao servizo do colexio, así como decidir sobre o emprazamento das oficinas do colexio.

19. Confeccionar, periodicamente, un directorio de colexiados e difundilo entre estes e as demais persoas xurídicas a que poida interesar.

20. Resolver, cando así proceda, os recursos extraordinarios de revisión contra actos ou acordos da Xunta de Goberno do colexio.

21. Acordar a convocatoria de sesións ordinarias e extraordinarias da Xunta Xeral, de acordo co establecido nos artigos 26º a 28º destes estatutos.

22. Convocar unha sesión da Xunta Xeral extraordinaria cando nunha Xunta Xeral non sexa aprobada pola maioría dos presentes a memoria de xestión

presentada pola Xunta de Goberno, no prazo de trinta días hábiles, para someter a súa actuación a unha votación de confianza.

23. Convocar a elección de cargos da Xunta de Goberno cando así proceda, segundo o que se establece no capítulo VII destes estatutos e no artigo 28º se se trata dunha renovación por un cesamento da Xunta de Goberno en Pleno como consecuencia dunha moción de censura.

24. Aprobar a acta da sesión anterior.

25. Adquirir ou allear calquera clase de bens do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, segundo o orzamento vixente e aprobado pola Xunta Xeral.

26. Aprobar a constitución, fusión, funcionamento e disolución de oficinas e delegacións do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia.

Artigo 32º.-*Reunións da Xunta de Goberno.*

1. A Xunta de Goberno reunirse cantas veces sexa convocada polo decano/a, por iniciativa propia ou por petición dun terzo, polo menos, dos seus compoñentes. En todo caso reunirse, como mínimo, dúas veces ao ano.

2. As convocatorias comunicaranse cunha antelación non inferior a quince días hábiles, expresando a orde do día. E non poderán tomarse acordos sobre materias non incluídas na orde do día.

3. En primeira convocatoria, a Xunta de Goberno quedará validamente constituída cando se encontren presentes dous terzos dos seus membros; en segunda convocatoria, calquera que sexa o número de asistentes; en ambosos casos, sempre e cando entre os asistentes se atopen o decano/a e secretario/a da xunta ou os que os substitúan de acordo co establecido nos estatutos. Entre ambas as convocatorias deberán transcorrer cando menos trinta minutos.

4. O secretario deberá levantar acta das sesións, as cales deberán ser aprobadas pola Xunta de Goberno seguinte.

5. Os acordos tomaranse por maioría simple. En caso de empate, o voto do decano/a decidirá o acordo que se vai tomar.

6. A asistencia será obrigatoria, de maneira que as faltas de asistencia non xustificadas ás reunións serán causa de baixa como membro da Xunta de Goberno de acordo co disposto no artigo 33º destes estatutos.

7. Potestativamente, a Xunta de Goberno poderá convidar ás súas sesións, en calidade de asesores sen voto, as persoas cuxa asistencia se considere conveniente, como, por exemplo, os coordinadores de comisións sectoriais.

Artigo 33º.-*Causas de baixa dos membros da Xunta de Goberno.*

1. Causarase baixa na Xunta de Goberno por:

1.1. Falecemento.

1.2. Expiración do termo ou prazo para o cal for elixido.

1.3. Enfermidade que incapacite para o exercicio do cargo.

1.4. Renuncia por forza maior.

1.5. Traslado de residencia fóra do ámbito territorial do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia.

1.6. Aprobación pola Xunta Xeral dunha moción de censura.

1.7. Resolución firme en expediente disciplinario.

1.8. Baixa como Colexiado.

1.9. Tres faltas de asistencia consecutivas non xustificadas ou seis descontinuas, igualmente sen xustificar, ás reunións da Xunta de Goberno.

2. Cando se produzan as vacantes de máis da metade dos cargos da Xunta de Goberno, esta xunta deberá convocar inmediatamente eleccións para os cargos vacantes, o cal se fará seguindo os trámites e procedementos establecidos nestes estatutos para o caso de renovación dos cargos da xunta.

Artigo 34º.-Atribucións do/da decano/a.

Son atribucións do decano/a as seguintes:

1. Exercer a representación legal do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia nas súas relacións cos tribunais, administracións públicas, entidades e corporacións de toda clase e particulares, sen prexuízo de que, en casos concretos, poida tamén a Xunta de Goberno, en nome do Colexio, encomendar estas funcións a determinados Colexiados ou comisións constituídas para o efecto.

2. Convocar, abrir e levantar as sesións ordinarias e extraordinarias da Xunta Xeral e da Xunta de Goberno, así como presidilas e dirixir as deliberacións que nelas haxa lugar.

3. Convocar as eleccións de membros da Xunta de Goberno.

4. Decidir, co seu voto de calidade, os empates nas votacións.

5. Executar os acordos que os órganos Colexiais adopten nas súas respectivas esferas de atribucións.

6. Adoptar, en caso de extrema urxencia, as resolucións necesarias, dando conta inmediata ao órgano correspondente para o seu acordo, modificación ou revogación na primeira sesión que teña lugar.

7. Coordinar as actuacións dos membros da Xunta de Goberno, sen prexuízo da competencia e responsabilidade directa destes na súa xestión.

8. Visar todas as certificacións e conformar co visto e prace as actas que expida o/a secretario/a.

9. Autorizar os libramentos e ordes de pagamento.

10. Lexitimar coa súa sinatura os libros de contabilidade e calquera outro de natureza oficial, sen prexuízo das legalizacións establecidas pola lei.

11. Visar os informes e comunicacións que oficialmente dirixa o Colexio ás autoridades e entidades públicas ou privadas.

12. Autorizar a retirada de fondos ou os movementos entre as contas correntes ou de aforro do Colexio, unindo a súa sinatura polo menos á dun dos outros dous membros da Xunta de Goberno autorizados na apertura das contas, preferiblemente á do/a tesoureiro/a.

13. Por acordo expreso da Xunta de Goberno, poderá outorgar poder a favor de procuradores dos tribunais e de letrados en nome do Colexio para a súa representación preceptiva ou potestativa ante calquera tribunal de xustiza, de calquera grao ou xurisdición e ante o Tribunal Constitucional, en cantas accións, excepcións, recursos, incluído o de casación e demais actuacións se teñan que levar a cabo ante estes, en defensa tanto do Colexio como da profesión.

Favorecer e fomentar as relacións con outros Colexios oficiais de biólogos territoriais, elevándolle ao Consello Xeral de Colexios Oficiais de Biólogos as peticións, rogos ou propostas que poidan xurdir do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia.

Artigo 35º.-Atribucións do/a vicedecano/a e substitución do/a decano/a e do/a vicedecano/a.

1. O/a vicedecano/a substituirá o/a decano/a nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade e desempeñará todas aquelas funcións que lle encomende a Xunta de Goberno ou delegue nel o decano/a, despois do coñecemento pola Xunta de Goberno da referida delegación.

2. En caso de ausencia ou enfermidade do/a decano/a e vicedecano/a exercerán as súas funcións, só polo mínimo tempo imprescindible, os membros da xunta que sexan elixidos polos demais compoñentes dela.

3. En caso de vacante definitiva dos postos de decano/a e vicedecano/a, exercerán as súas funcións os membros da Xunta de Goberno que sexan elixidos polos demais compoñentes dela e deberase dar conta da nova situación á Xunta Xeral Extraordinaria convocada para tal efecto e convocar inmediatamente eleccións para cubrir os cargos vacantes polo tempo que lle restaba de mandato ao anterior cargo electo.

Artigo 36º.-Atribucións e substitución do/a secretario/a.

Correspóndelle ao/á secretario/a as atribucións seguintes:

1. Redactar e dar fe das actas das eleccións de membros da Xunta de Goberno.

2. Redactar e dar fe das actas das sesións ordinarias e extraordinarias da Xunta Xeral e da Xunta de Goberno.

3. Custodiar a documentación do colexio e os expedientes dos colexiados.

4. Expedir as certificacións de oficio ou por instancia da parte interesada, co visto e prace do/a decano/a.

5. Expedir e tramitar comunicacións e documentos, dando conta destes á Xunta de Goberno e/ou ao órgano competente a quen lle corresponda.

6. Levar o libro-rexistro dos visados de traballos profesionais, denegando o requisito cando atope nestes defectos formais contrarios á dignidade profesional ou ás disposicións vixentes en materia de atribucións e competencias profesionais; unha vez escoitada a correspondente comisión de visado no caso de que a súa existencia sexa establecida na regulamentación que o colexio pode establecer a este respecto segundo o artigo 19º.

7. Redactar a memoria de xestión anual para a súa aprobación na Xunta Xeral.

8. Exercer a xefatura do persoal administrativo e de servizos necesario para a realización das funcións colexiais, así como organizar materialmente os servizos administrativos, a disposición de locais e materiais necesarios para o seu funcionamento.

9. Un membro da Xunta de Goberno elixido por ela substituirá ao/á secretario/a nos casos de ausencia, vacante ou enfermidade e desempeñará todas aquelas funcións que lle encomende a Xunta de Goberno, esta última deberalle dar conta desta situación á Xunta Xeral. En caso de vacante definitiva do/a secretario/a, a Xunta de Goberno convocará unha Xunta Xeral Extraordinaria en que se dará conta desta nova situación e inmediatamente se convocarán eleccións para cubrir o posto vacante polo tempo que lle restaba de mandato ao anterior cargo electo.

Artigo 37º.-Atribucións e substitución do/a tesoureiro/a.

Ao/á tesoureiro/a sonlle asignadas as atribucións seguintes:

1. Recadar e custodiar os fondos pertencentes ao colexio, será responsable deles.

2. Asinar recibos, recibir cobramentos e realizar pagamentos ordenados polo/a decano/a.

3. Dar conta á Xunta de Goberno dos colexiados que non están ao día do pagamento, aos cales se lles tramitará a baixa segundo establece o artigo 11º destes estatutos.

4. Redactar o anteproxecto de orzamentos do colexio que presentará a Xunta de Goberno á aprobación da Xunta Xeral.

5. Facer o balance do orzamento do exercicio anterior que presentará a Xunta de Goberno á aprobación da Xunta Xeral.

6. Propoñerlle á Xunta de Goberno os proxectos de habilitación de créditos e suplementos, incrementos ou decrementos de ingresos cando sexa necesario.

7. Levar os libros de contabilidade correspondentes.

8. Verificar os arqueos que a Xunta de Goberno xulgue necesarios.

9. Por expreso acordo da Xunta de Goberno, abrir contas correntes ou de aforro, conxuntamente co/coa decano/a e outro membro da Xunta de Goberno, designado para o efecto, a nome do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, e retirar fondos delas mediante a sinatura de dúas das tres persoas autorizadas.

10. Levar inventario minucioso dos bens do colexio, dos cales será o seu administrador.

11. Un membro da Xunta de Goberno elixido por ela substituirá o/a tesoureiro/a en caso de ausencia, vacante ou enfermidade e desempeñará todas aquelas funcións que lle encomende a Xunta de Goberno, dando conta esta última desta situación á Xunta Xeral. En caso de vacante definitiva do tesoureiro/a a Xunta de Goberno convocará unha Xunta Xeral Extraordinaria en que se dará conta desta nova situación e inmediatamente se convocarán eleccións para cubrir o posto vacante polo tempo que lle restaba de mandato ao anterior cargo electo.

Artigo 38º.-Atribucións dos vogais.

Serán atribucións dos vogais as seguintes:

1. Desempeñar cantos cometidos lles sexan confiados pola Xunta Xeral, pola Xunta de Goberno ou polo/a decano/a, logo do coñecemento da Xunta de Goberno, así como seguir o funcionamento das comisións creadas coa autorización da Xunta de Goberno do colexio, e de acordo co establecido nestes estatutos.

2. Colaborar cos titulares dos restantes cargos da Xunta de Goberno e substituílos nas súas ausencias, vacantes ou enfermidades, de acordo co establecido nos artigos 35º, 36º e 37º destes estatutos.

Artigo 39º.-Órganos de asesoramento: as comisións sectoriais.

1. A Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia analizará e decidirá a conveniencia ou non da aparición e a disolución de comisións sectoriais, por iniciativa da propia Xunta de Goberno ou por petición dos propios colexiados.

2. As comisións sectoriais serán o instrumento para a participación colexial de calquera colexiado en activo e dedicaranse a asuntos sectoriais dentro da profesión ou de interese xeral.

3. Agruparán dentro do colexio aqueles colexiados que teñan un mesmo ámbito profesional e participen dunha problemática ou intereses comúns.

4. Estas comisións terán funcións delegadas puntualmente nos aspectos seguintes:

4.1. Asesoramento da Xunta Xeral, da Xunta de Goberno e/ou do/a decano/a cando estes o soliciten.

4.2. Desenvolvemento das actividades que se lles encomenden.

4.3. Propoñer iniciativas á Xunta de Goberno, ao/a decano/a ou, de ser o caso, á Xunta Xeral.

4.4. Proporcionar, en xeral, calquera tipo de asesoramento, ser foro de debate, colaborar e apoiar a formación e calquera outro aspecto que sirva para a promoción dos seus ámbitos profesionais.

5. As propostas das comisións sectoriais serán debatidas pola Xunta de Goberno por iniciativa da propia xunta ou do decano/a. Cando estas sexan aprobadas disporase de todos os medios dispoñibles para a súa execución; en caso de non ser aprobadas, será debidamente xustificado.

6. En caso de regularse o seu funcionamento mediante un regulamento interno, este deberá ser aprobado pola Xunta de Goberno.

7. En calquera caso, cada comisión terá un coordinador escollido entre os seus membros por maioría simple de votos, que terá que informar o/a decano/a e a Xunta de Goberno das propostas e dos proxectos da comisión, correspondéndolle a esta última a decisión da súa viabilidade como se establece no artigo 31º, punto 14.

8. Todos aqueles proxectos que sexa posible levar adiante por iniciativa das comisións terán que ser publicados en calquera dos medios de comunicación do colexio cos colexiados.

9. O coordinador estará encargado de redactar e dar fe das actas das reunións e das actividades da comisión correspondente.

10. As reunións de calquera comisión terán que ser notificadas persoalmente a todos os seus membros, que se inscribirán para o efecto no correspondente rexistro na Secretaría do colexio. Para que a Xunta de Goberno aprobe a constitución dunha comisión sectorial permanente, requirirase un número de cinco colexiados como mínimo para asegurar a súa viabilidade.

11. O financiamento das actividades das comisións sectoriais permanentes estará recollido no orzamento anual do colexio.

CAPÍTULO VI

DA ORGANIZACIÓN TERRITORIAL DO COLEXIO

Artigo 40º.-*Oficinas colexiais.*

1. A Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia poderalle solicitar á Xunta Xeral

que aprobe a apertura ou o peche de oficinas colexiais, en ámbitos territoriais definidos dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A súa finalidade será a de facilitar a colexiación e a información sobre a organización de actividades e servizos para os colexiados.

3. A Xunta de Goberno dotará, segundo as súas posibilidades, estas oficinas do persoal e recursos necesarios para o seu funcionamento.

4. En calquera caso, a Xunta de Goberno deberá poñer en coñecemento de todos os colexiados todos os extremos relativos á apertura, ao funcionamento ou ao peche das oficinas colexiais, cando estes se produzan.

CAPÍTULO VII

DA PARTICIPACIÓN DOS COLEXIADOS NA XUNTA DE GOBERNO E DO RÉXIME ELECTORAL

Artigo 41º.-*Periodicidade das eleccións de Xunta de Goberno.*

1. Cada catro anos a Xunta de Goberno celebrará eleccións ordinarias, en que se cubrirán todos os cargos desta.

2. A convocatoria de eleccións ordinarias ou extraordinarias farase con dous meses, polo menos, de antelación á súa data. En calquera caso, a convocatoria conterá un detallado calendario de todo o proceso electoral e incluírá o lugar, o día e o horario de celebración, o procedemento de votación, o escrutinio, a fórmula de desempate e proclamación; ademais, especificará a duración dos mandatos, en caso de eleccións extraordinarias.

Artigo 42º.-*Membros electores, elixibles e tipo de elección.*

1. Todos os colexiados que, no día da convocatoria electoral, non estean suspendidos, sancionados, incapacitados ou inhabilitados por sentenza firme nos seus dereitos colexiais, teñen dereito a actuar como electores e como elixibles na elección democrática de membros da Xunta de Goberno.

2. Non terán dereito a voto os membros de honra do colexio que non sexan pola súa vez membros do colexio segundo o establecido no artigo 7º dos estatutos.

3. Os membros da Xunta de Goberno serán elixidos por todos os colexiados a través de sufraxio universal libre, directo e secreto, atribuíndo un voto igual a cada colexiado e sen que se admita o voto delegado.

Artigo 43º.-*Proclamación de candidaturas.*

1. Deberán presentarse candidaturas completas, non sendo que se trate de eleccións extraordinarias para cubrir cargos vacantes, mediante escrito dirixido á Xunta de Goberno e asinado por todos os candidatos indicando a designación concreta da persoa que aspira a ocupar cada uno dos cargos que se van

elixir, no período dun mes a partir da data da convocatoria de eleccións.

2. Ningún candidato poderá presentar candidaturas para máis dun cargo na mesma convocatoria de eleccións.

3. A Xunta de Goberno proclamará as candidaturas que fosen validamente presentadas cunha antelación mínima de quince días á data da votación, mediante comunicación escrita a todos os colexiados.

4. Se non resultase proclamada ningunha candidatura, por no reunir as condicións necesarias ningunha das presentadas, poderanse corrixir os erros producidos en calquera delas nun prazo máximo de tres días hábiles.

5. Contra a proclamación de candidaturas poderase presentar reclamación ante a Xunta de Goberno por parte de calquera colexiado, no prazo de cinco días hábiles, que terá que ser resolta como máximo noutros cinco días hábiles.

6. Cando só haxa unha candidatura proclamada non procederá ningunha votación e serán proclamados electos, no mesmo acto da proclamación, todos os candidatos.

7. A Xunta de Goberno facilitará, de acordo cos medios de que dispoña, a publicidade das diferentes candidaturas en condicións de igualdade.

Artigo 44º.-*Lista de electores.*

1. Cunha antelación de polo menos vinte días hábiles respecto á data de celebración das eleccións e durante dez días hábiles, a Xunta de Goberno exporá a lista de electores na Secretaría da sede central do Colexio Oficial de Biólogos, así como nas oficinas colexiais existentes.

2. Os electores que vaian emitir o seu voto por correo poderanlle solicitar unha certificación ao colexio que acredite estar inscrito no censo de electores. Esta petición formularáselle directamente á Secretaría da sede central do colexio, desde a cal lle será enviada por correo certificado e con xustificante de recepción ao domicilio que figure no censo electoral.

3. Os colexiados que desexen reclamar sobre a citada lista disporán de setenta e dúas horas despois de ter transcorrido o prazo de exposición. As reclamacións formularanse por escrito dirixido ao decano/a da Xunta de Goberno; este resolverá nun prazo non superior a setenta e dúas horas.

4. Contra a resolución denegatoria poderá interporse recurso de alzada ante a Xunta de Goberno e contra a resolución que denegue este recurso poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e nos prazos establecidos para esta xurisdicción.

Artigo 45º.-*Mesas electorais.*

1. Cinco días hábiles antes da votación constituirase a mesa electoral na Secretaría da sede central do colexio. Esta mesa estará formada por un presidente, dous vogais e un secretario; todos eles colexiados nomeados pola Xunta de Goberno, que tamén deberá nomear os seus eventuais suplentes. Ningún deles poderá presentarse como candidato.

2. A mesa electoral constituirase no local e á hora que para o efecto se anuncien e disporá da lista de votantes e de varias urnas precintadas se se convocaron eleccións extraordinarias para cubrir as vacantes de máis dun membro da xunta, sempre que non se trate de votacións de candidaturas completas en cuxo caso todos os votos se recollerán nunha única urna.

Artigo 46º.-*Interventores.*

1. Con corenta e oito horas de antelación á votación, os candidatos a decano/a das candidaturas completas e os candidatos individuais poderanlle comunicar á Xunta de Goberno a designación de interventores para a mesa electoral, dous por candidatura completa e un por candidatura individual.

2. Estes interventores poderán asistir a todo o proceso de votación e escrutinio, formulando as reclamacións que crean convenientes, que serán resoltas pola mesa e recollidas na acta de escrutinio.

Artigo 47º.-*Votación.*

Os colexiados deberán votar na mesa electoral da sede do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia utilizando exclusivamente as papeletas oficiais, en que deberá figurar o cargo e a persona elixida para este, e poderá facelo en calquera das seguintes formas:

1. Entregándolle a papeleta introducida nun sobre de voto pechado ao/á presidente/a da mesa, que, tras a identificación do colexiado mediante exhibición por parte deste do DNI, carné de conducir ou carné colexial e, na súa presenza, a depositará nunha urna. Neste caso, o/a secretario/a da mesa indicará na lista de colexiados aqueles que vaian depositando o seu voto.

2. Enviando por correo, dirixido ao/á presidente/a da mesa electoral, o sobre oficial facilitado para o efecto, perfectamente pechado, facendo constar nel claramente os datos do remitente e cruzando coa súa sinatura a lapela do sobre. Neste sobre deberase incluír unha fotocopia do DNI, do carné de conducir ou do carné colexial xunto co sobre de voto, que tamén se facilitará pechado e no cal só se introducirá unha papeleta oficial co voto emitido.

3. Se se convocaron eleccións extraordinarias para cubrir vacantes de máis dun cargo, cumprirá introducir a papeleta oficial para cada unha das votacións no seu correspondente sobre de voto pechado, que serán facilitados para o efecto de forma que sexan facilmente identificables. Os votos para eleccións diferentes poderán enviarse no mesmo sobre

dirixido ao/á presidente/a da mesa electoral coa lapela asinada e a fotocopia da identificación persoal.

4. Só se considerarán validamente emitidos os votos por correo que sexan recollidos pola mesa electoral con anterioridade á hora fixada para o peche da votación, aínda que a data de envío fose anterior ao día sinalado para a votación.

Artigo 48º.-*Escrutinio.*

1. Rematada a hora sinalada para a votación, logo do anuncio do presidente/a da mesa de que se vai rematar o acto, procederase a comprobar que os votos enviados por correo corresponden a colexiados con dereito a voto e que non o exerceran persoalmente. Neste caso, unha vez que o secretario da mesa marcasse na lista de colexiados aqueles que votan por correo, o/a presidente/a procederá a abrir os sobres enviados, introducindo o sobre ou os sobres de voto, se se convocaron eleccións extraordinarias para cubrir vacantes, pechados na urna precintada, que só se abrirán ao facer o escrutinio.

2. Cando os votos por correo non se axusten ao disposto no artigo 47º número 2, cando algún elector votase por correo e persoalmente ou cando un sobre inclúa máis dun sobre de voto para unha mesma votación, computarase o voto por correo como nulo, e por tanto non se introducirá na urna o ou os sobres de voto.

3. Finalmente votarán os membros da mesa.

4. Rematada a votación, tanto persoal como a recibida por correo, procederase ao recuento de votos. O escrutinio non se interromperá ata que non se extraían todas as papeletas das urnas. Os membros da mesa irán tomando nota das papeletas lidas, que se colocarán sobre a mesa na mesma orde en que foron extraídas.

5. O sistema de escrutinio será o seguinte:

5.1. Contabilizaranse os votos obtidos polas candidaturas completas, asignándose un voto a cada un dos que figuren nela. Os votos das candidaturas non completas ou modificadas sumaranse aos anteriores.

5.2. O candidato elixido será aquel que obteña máis votos dentro do cargo a que se presente. No caso de empate entre dous candidatos, será proclamado aquel que teña maior antigüidade como colexiado.

5.3. Consideraranse como votos nulos:

- a) Aqueles emitidos con papeletas non oficiais.
- b) Aqueles en que no sobre de voto se introducise máis dunha papeleta de candidaturas distintas.
- c) Aqueles que non se axusten ao establecido no artigo 47º destes estatutos.
- d) Aqueles en que a papeleta asigne un cargo determinado a un candidato que non se presente a el.

e) Aqueles en que fosen realizados na papeleta escritos, riscadas, correccións ou calquera tipo de grafismo.

6. Este escrutinio será público e unha vez finalizado levantará a acta correspondente por triplicado o/a secretario/a da mesa electoral, en que consten os votos obtidos por cada un dos candidatos, así como os votos nulos e os emitidos en branco. Unha das actas quedará en poder do colexio, outra exporase no taboleiro de anuncios desde a data da votación ata cinco días hábiles despois da proclamación das candidaturas, outra remitirase ao Consello Xeral de Colexios Oficiais de Biólogos para o seu coñecemento xunto co certificado do resultado das eleccións e a proclamación da candidatura electa cando este sexa emitido pola Xunta de Goberno unha vez resoltas as posibles reclamacións.

Artigo 49º.-*Proclamación de resultados.*

Recibidas pola Xunta de Goberno as actas da votación e as listas de votantes, resolverá con carácter definitivo, sobre as reclamacións dos interventores, se as houbese, e se non aprecia ningún defecto de fondo ou forma que poida invalidar a votación, proclamaralles o resultado, no prazo de corenta e oito horas aos colexiados mediante a súa exposición ao público na Secretaría da sede central do colexio e en todas as súas oficinas.

Artigo 50º.-*Reclamacións.*

1. Unha vez publicados os resultados da votación, abrirase un prazo de cinco días hábiles para posibles reclamacións. Rematado este prazo, a Xunta de Goberno en funcións analizará as reclamacións, se as houbese, e resolverá sobre elas nun prazo non superior a cinco días hábiles e, se considera que non hai lugar a anular as eleccións, certificará o resultado proclamando a candidatura elixida de acordo co sistema de escrutinio empregado como Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, comunicándollo ao Consello Xeral de Colexios Oficiais de Biólogos para o seu coñecemento.

2. En caso de que a Xunta de Goberno, á vista das impugnacións presentadas, decida anular a elección, establecerá un novo prazo para, polo mesmo procedemento sinalado, convocar novas eleccións antes dos dous meses posteriores á data de anulación da elección.

Artigo 51º.-*Toma de posesión.*

No prazo máximo de dez días da proclamación, constituirase a Xunta elixida, os membros electos, tomarán posesión dos seus cargos, dirixíndose inmediatamente comunicación neste sentido ao órgano competente da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e a todos os colexiados coa maior brevidade de tempo posible.

Artigo 52º.-*Recursos.*

Contra as resolucións definitivas da Xunta de Goberno sobre todo o proceso electoral caberá para

calquera colexiado a interposición do recurso potestativo de reposición fronte á Xunta de Goberno ou directamente a do contencioso-administrativo.

CAPÍTULO VIII

DO RÉXIME ECONÓMICO E ADMINISTRATIVO

Artigo 53º.-*Capacidade xurídica no ámbito económico e patrimonial.*

1. O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia ten plena capacidade xurídica no ámbito económico e patrimonial.

2. O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia deberá contar cos recursos necesarios para atender debidamente os fins e as funcións encomendados e as solicitudes de servizo dos seus membros, estes quedarán obrigados a contribuír ao sostemento dos gastos correspondentes na forma regulamentaria.

3. O patrimonio do colexio é único, aínda que o uso dos seus bens poida estar adscrito ás oficinas colexiais, cando existan.

Artigo 54º.-*Recursos económicos do colexio.*

O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia obterá os seus recursos económicos a través de:

1. Contribucións obrigatorias dos colexiados conforme os principios de xeneralidade e uso de servizos colexiais. Estas son:

- a) A cota de incorporación e reincorporación.
- b) A cota anual ordinaria e as cotas extraordinarias aprobadas pola Xunta Xeral, e os seus xuros de demora.
- c) As derivadas dos honorarios producidos polo traballo profesional, de acordo co que se estableza regulamentariamente.
- d) As dereitos de intervención profesional.
- e) As recargas por emisión de visado.
- f) As recargas por mora no pagamento de calquera concepto de acordo co que se estableza regulamentariamente.
- g) Calquera outro de similares características que fose legalmente posible.

2. Outras fontes de ingresos son:

- a) As procedentes de bens e dereitos do patrimonio colexial e das súas publicacións.
- b) As subvencións, doazóns, herdanzas etc. que lle concedan ao colexio as administracións públicas, entidades públicas ou privadas, colexiados ou outras persoas xurídicas ou físicas.
- c) Os dereitos por estudos, informes, ditames, traballos e outros servizos que realice a Xunta de Goberno ou as comisións en que teña delegado a súa realización.
- d) Os dereitos por utilización dos servizos que a Xunta de Goberno teña establecido.

e) Os excedentes obtidos en actividades formativas.

3. As recadacións dos recursos económicos son competencia da Xunta de Goberno, sen prexuízo das facultades que por expreso acordo poida delegar.

Artigo 55º.-*Cotas.*

Todo cambio de cotas reflectirase claramente no orzamento do ano e requirirá a aprobación da Xunta Xeral.

Artigo 56º.-*Orzamento xeral.*

O orzamento xeral do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia será elaborado pola Xunta de Goberno, conforme os principios de eficacia, equidade e economía e incluír a totalidade dos ingresos e dos gastos, coincidindo co ano natural. Deberá incluír detalladamente os orzamentos de ingresos e gastos de cada oficina, cando existan. Logo de informe anticipado aos colexiados, será sometido á aprobación pola Xunta Xeral, de acordo co exposto no artigo 24º destes estatutos. Mentres non se aprobe o orzamento, quedará prorrogado o aprobado para o ano anterior, a razón de 1/12 por mes.

Artigo 57º.-*Gastos.*

Os gastos do colexio son só os presupostados, sen que poida efectuarse ningún pagamento non previsto no orzamento aprobado, agás en casos xustificadas, que deberán ser aprobados pola Xunta de Goberno e posteriormente pola Xunta Xeral.

Artigo 58º.-*Audidores externos.*

Con antelación á realización da Xunta Xeral Ordinaria, a Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia deberá someter o balance económico do exercicio anterior a auditores xurados externos de contas. Igualmente, cando se produza a renovación ordinaria, total ou parcial, dos seus órganos directivos, sen prexuízo da función fiscalizadora que lles corresponde aos organismos públicos legalmente habilitados para iso.

2. O informe destes auditores deberá acompañar a presentación do balance económico da Xunta Xeral e deberá estar á disposición dos colexiados para o seu exame polo menos vinte días antes da celebración da Xunta Xeral.

Artigo 59º.-*Liquidación de bens.*

1. A disolución do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia non poderá efectuarse máis que por algunha das causas establecidas no artigo 74º destes estatutos.

2. En caso de disolución do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, a súa Xunta de Goberno actuará como comisión liquidadora, sometendo á Xunta Xeral propostas de destino dos bens sobrantes, unha vez liquidadas as obrigas pendentes, adxudicándolle os devanditos bens a calquera entidade non lucrativa.

va que cumpra funcións relacionadas coa bioloxía e de interese social.

Artigo 60º.-*Persoal ao servizo do colexio.*

O colexio contará co persoal necesario. As súas remuneracións figurarán no capítulo de gastos dos correspondentes orzamentos.

CAPÍTULO IX O RÉXIME DISCIPLINARIO

Artigo 61º.-*Responsabilidade disciplinaria.*

1. Considéranse faltas disciplinarias as infraccións dos deberes colexiais establecidos nestes estatutos e os da deontoloxía profesional.

2. A Xunta de Goberno do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia é o órgano competente para o exercicio da potestade disciplinaria.

3. O réxime disciplinario establecido nestes estatutos enténdese, sen prexuízo das responsabilidades de calquera outra orde en que os colexiados poidesen incorrer. Cando os feitos poidan determinar responsabilidade penal, se se ten coñecemento de que sobre os mesmos feitos obxecto da presunta responsabilidade disciplinaria se seguen actuacións penais ou administrativas, suspenderase a tramitación do expediente disciplinario ata que non recaia resolución firme ante a xurisdición penal.

Artigo 62º.-*Infraccións.*

As faltas susceptibles de sanción disciplinaria clasifícanse en leves, graves e moi graves.

1. Faltas leves: o incumprimento dos deberes colexiais establecidos no artigo 16º destes estatutos e, en xeral, o incumprimento de calquera precepto estatutario.

2. Faltas graves: a reincidencia de máis de tres faltas leves no prazo dun ano; os actos de desconsideración ofensiva doutros membros do colexio; a competencia desleal e a vulneración do segredo profesional e do segredo das deliberacións da Xunta de Goberno en materias que esta teña declarado de natureza reservada; o incumprimento da normativa en materia de incompatibilidades; a falsidade na documentación profesional; as actuacións públicas en notorio desprestixio da profesión; a desobediencia reiterada de acordos ou requerimentos colexiais.

3. Faltas moi graves: a reincidencia en falta grave no prazo de dous anos; exercer, encubrir ou amparar o exercicio ilegal da profesión, cando non constituía delito.

Artigo 63º.-*As sancións.*

As sancións que se poden impoñer son:

1.1. Polas faltas leves:

a) Amoestación por escrito.

b) Amoestación por e perante a Xunta de Goberno.

1.2. Polas faltas graves: suspensión dos dereitos colexiais por un período non superior a seis meses.

1.3. Polas faltas moi graves: suspensión dos dereitos colexiais por un período superior a seis meses e ata un máximo de seis anos.

2. As sancións que impliquen a suspensión dos dereitos colexiais seranlle comunicadas ao Consello Xeral para que as traslade aos demais colexios e ás autoridades pertinentes.

Artigo 64º.-*Do procedemento disciplinario.*

1. Só poderán interporse sancións disciplinarias en virtude dun expediente instruído para o efecto durante o cal se lle dará audiencia ao interesado, consonte o procedemento establecido neste estatuto colexial, na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, e supletoriamente polas normas de procedemento administrativo sancionador da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado polo Decreto 94/1991, do 20 de marzo.

2. Os colexiados sancionados non poderán ocupar ningún cargo colexial mentres non caduque a anotación da sanción no seu expediente persoal.

Artigo 65º.-*O procedemento.*

1. O procedemento disciplinario iníciase sempre de oficio por acordo da Xunta de Goberno, xa sexa por iniciativa propia ou como consecuencia dunha denuncia presentada por escrito por outros colexiados, persoas ou organismos ou dunha acta de inspección levantada polos servizos de inspección colexial, caso de que os houbese.

2. Antes de iniciarse o expediente, a Xunta de Goberno, á vista da denuncia e das probas presentadas, poderá abrir un período de información para decidir se procede admitir ou rexeitar as denuncias con base na existencia ou inexistencia de indicios.

3. No acordo de inicio dun expediente a xunta designará quen deberá ser o/a instructor/a e o/a secretario/a do expediente e deberalle ser notificado ao expedientado, este poderá formular a oportuna recusación que, en caso de producirse, deberá ser resolta pola Xunta de Goberno.

4. No expediente que se instrúa daráselle audiencia ao denunciado, comunicándolle os cargos imputados, el poderá formular alegacións e achegar todas as probas que crea conveniente para a súa defensa.

5. Como medida preventiva, a Xunta de Goberno poderá acordar de oficio ou por instancia de parte, as medidas provisionais que xulgue oportunas para asegurar a eficacia da resolución que puidese recaer, de existiren elementos de xuízo para iso. Non se poderán tomar medidas provisionais que poidan danar irreparabilmente os interesados, ou ben que impliquen a violación de dereitos amparados pola lexislación vixente. Así mesmo, a Xunta de Goberno de oficio ou por instancia de parte, poderá acordar a

suspensión da execución da sanción cando se acredite a admisión a trámite do recurso contencioso-administrativo, sen prexuízo do dereito do interesado a solicitar tal suspensión no ámbito do propio recurso contencioso-administrativo.

6. Ultimado o expediente, o/a instructor/a elevarallo xuntamente coa proposta de sanción á Xunta de Goberno, á cal lle corresponde a resolución do expediente na primeira sesión que se convoque tras a recepción deste.

7. A resolución que dite a Xunta de Goberno deberalle ser notificada ao inculpado, deberá respectar o que se establece no artigo 89 da Lei 30/1992 e expresará os recursos que contra ela procedesen, os órganos administrativos ou xudiciais ante os cales se teñan que presentar e o prazo para interpoñelos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro recurso que crean oportuno.

8. Cando o denunciado fose membro da Xunta de Goberno, a denuncia remitirase ao Consello de Colexios Oficiais de Biólogos para a incoación, tramitación e resolución da información previa e, se for o caso, do expediente.

Artigo 66º.-*Prescrición das faltas e sancións.*

1. A responsabilidade disciplinaria dos colexiados extinguirase polo cumprimento da sanción, a morte, a prescrición da falta e a prescrición da sanción.

1.1. As faltas moi graves prescribirán aos tres anos, as graves aos dous e as leves ao ano; comezando a contar o prazo de prescrición desde que se cometese a falta. A prescrición interromperase pola notificación ao colexiado afectado por un acordo de incoación do procedemento sancionador, e o prazo volverá a correr se o procedemento disciplinario se paraliza durante o mesmo tempo por causa non imputable ao colexiado imputado.

1.2. As sancións impostas prescribirán ao ano se a sanción foi por falta leve, aos dous anos por falta grave e aos tres anos por falta moi grave. A prescrición da sanción por falta da súa execución comezará a contar desde o día seguinte ao que o órgano competente, lle comunique ao colexiado o carácter firme da resolución sancionadora.

2. A baixa no colexio non extingue a responsabilidade disciplinaria contraída durante o período de alta, aínda que determinará a imposibilidade de executar a sanción que se acorde. Os profesionais que causen alta no Colexio Oficial de Biólogos de Galicia cumpriran as sancións que tiveran impostas e suspendidas no seu cumprimento por outros colexios oficiais de biólogos.

Artigo 67º.-*Cancelación e rehabilitación.*

1. O interesado poderá solicitar a cancelación da sanción nos seguintes términos:

a) Se a infracción é leve, a cancelación prodúcese aos seis meses.

b) Por infracción grave, aos dous anos.

c) Por infracción moi grave, aos catro anos.

d) A baixa cancelárase aos seis anos.

2. Os prazos computaranse a partir do día seguinte a aquel en que se executou a sanción imposta. A cancelación da sanción ten o efecto de borrar a anotación no expediente persoal do colexiado e a súa rehabilitación.

CAPÍTULO X

DO RÉXIME XURÍDICO DOS ACTOS COLEXIAIS

Artigo 68º.-*Réxime xurídico dos actos colexiais.*

1. Os acordos e normas colexiais deberán ser publicados, ben mediante a súa inserción no boletín informativo do colexio ou ben mediante circular, de forma que poidan ser coñecidos por todos os colexiados.

2. Así mesmo, a Xunta de Goberno deberá notificar persoalmente aqueles actos que afecten dereitos e intereses dos destinatarios dos devanditos acordos.

3. Os actos emanados dos órganos do colexio en canto estean suxeitos ao dereito administrativo, unha vez esgotados os recursos corporativos, potestativo de reposición e extraordinario de revisión segundo corresponda, serán recorribles de acordo co que dispoña a lexislación estatal que regule a xurisdición contencioso-administrativa.

4. A lexitimación activa dos recursos corporativos e contencioso-administrativos regularase polo disposto na lei desta xurisdición e en todo caso estará tamén lexitimada a Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 69º.-*Tipos de recursos.*

1. Contra os actos da Xunta Xeral ou a Xunta de Goberno que esgoten a vía administrativa cabe recurso contencioso-administrativo, conforme as disposicións legais vixentes.

2. Con carácter extraordinario cabe o recurso de revisión, que se tramitará de acordo coas disposicións da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 70º.-*Nulidade dos actos dos órganos colexiais.*

1. Son nulos de pleno dereito os actos dos órganos colexiais en que se dea algún dos seguintes supostos:

1.1. Os que lesionen o contido dos dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.

1.2. Os ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio.

1.3. Os que teñan un contido imposible.

1.4. Os que sexan constitutivos de infracción penal ou se diten como consecuencia desta.

1.5. Os ditados prescindindo total ou absolutamente do procedemento legal establecido ou das normas que conteñen as regras esenciais para a formación da vontade dos órganos colexiados.

1.6. Os actos expresos ou presuntos contrarios ao ordenamento xurídico, polos que se adquiran facultades ou dereitos cando se careza dos requisitos esenciais para a súa adquisición.

1.7. Calquera outro que se estableza expresamente nunha disposición de rango legal.

2. Tamén serán nulos de pleno dereito os acordos colexiais que vulneren a Constitución, o Estatuto de autonomía de Galicia, as leis e outras disposicións administrativas de rango superior, as que regulen materias reservadas á lei e as que establezan a retroactividade de disposicións sancionadoras non favorables ou restritivas de dereitos individuais.

3. Son anulables os actos que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, mesmo a desviación de poder.

Artigo 71º.-*Suspensión dos actos dos órganos colexiais.*

1. Sen prexuízo das atribucións que a lexislación outorga aos órganos xudiciais en materia de suspensión de actos das corporacións profesionais, sexa ou non por petición de calquera colexiado, están obrigados a suspender os actos propios que consideren nulos de pleno dereito:

- a) A Xunta Xeral.
- b) A Xunta de Goberno.
- c) O decano/a.

2. Os acordos de suspensión da execución dos actos dos órganos do colexio impugnados serán decididos polo órgano competente para resolver, unha vez valorada a conveniencia ou non da dita suspensión en función dos prexuízos que se lle puidesen ocasionar ao interesado, ao colexio ou a terceiros.

3. O disposto nestes artigos enténdese sen prexuízo das accións de impugnación dos colexiados e cidadáns en xeral contra os actos nulos ou anulables.

CAPÍTULO XI

DO REXISTRO DE SOCIEDADES PROFESIONAIS

Artigo 72º.-*Rexistro de Sociedades Profesionais.*

1. As sociedades profesionais, incluídas as multidisciplinarias, que teñan por obxecto o exercicio da profesión de biólogo, cuxo domicilio único ou principal radique nesta comunidade, inscribíranse no Rexistro de Sociedades Profesionais para os efectos de incorporación ao colexio e de que este poida exercer sobre aquelas as competencias que lle outorga o ordenamento xurídico sobre os profesionais colexiados.

2. Na inscrición faranse constar polo menos os seguintes extremos:

- a) Denominación ou razón social e domicilio da sociedade.
- b) Data e identificación da escritura pública de constitución e notario autorizante; e duración da sociedade, de terse constituído por tempo determinado.
- c) As actividades profesionais que constitúan o obxecto social.
- d) Identificación dos socios profesionais e non profesionais e, en relación con aqueles, número de colexiado e colexio profesional de pertenza.
- e) Identificación das persoas que se encarguen da administración e representación, expresando a condición de socio profesional ou non de cada unha delas.

Calquera cambio de socios e administradores e calquera modificación do contrato social será igualmente obxecto de inscrición no Rexistro de Sociedades Profesionais.

3. O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia remitiralle periodicamente ao Ministerio de Xustiza e á consellería competente en materia de colexios profesionais as inscricións practicadas no Rexistro de Sociedades Profesionais.

4. A sociedade profesional e os profesionais que actúan no seu seo exercerán a actividade profesional que constituía o obxecto social, de conformidade co réxime deontolóxico e disciplinario propio da actividade profesional do biólogo. As causas de incompatibilidade ou de inhabilitación para o exercicio da profesión que afecten a calquera dos socios faranse extensivas á sociedade e aos restantes socios profesionais, agás exclusión do socio inhabilitado ou incompatible nos termos establecidos na Lei de sociedades profesionais. En ningún caso será obstáculo o exercicio da actividade profesional a través da sociedade para a efectiva aplicación aos profesionais, socios ou non, do réxime disciplinario que corresponda segundo estes estatutos, os estatutos xerais ou o Regulamento de réxime interno. Sen prexuízo da responsabilidade persoal do profesional actuante, a sociedade profesional tamén poderá ser sancionada nos termos establecidos no réxime disciplinario que corresponda segundo estes estatutos, os estatutos xerais ou o Regulamento de réxime interno.

CAPÍTULO XII

DA REFORMA DOS ESTATUTOS

Artigo 73º.-*Reforma dos estatutos.*

1. A Xunta Xeral do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia poderá aprobar a proposta de reforma destes estatutos que lle sexa presentada por iniciativa da súa Xunta de Goberno ou dun número de colexiados superior ao 10 por 100.

2. O acordo exibirá, para a súa validez, o voto favorable da metade máis un, polo menos, dos votos emitidos, conforme o sinalado no artigo 26º.

3. Unha vez aprobado o novo texto dos estatutos, será remitido ao Goberno da Comunidade Autónoma de Galicia a través da consellería competente na materia para a súa aprobación e publicación oficial.

CAPÍTULO XIII

DA DISOLUCIÓN OU CAMBIO DE DENOMINACIÓN DO COLEXIO OFICIAL DE BIÓLOGOS DE GALICIA

Artigo 74º.-Disolución do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia.

1. A disolución do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia terá lugar:

1.1. Cando a profesión de biólogo perda, de acordo coa lei, o carácter de colexiable.

1.2. Por algunha das causas establecidas nestes estatutos.

1.3. Por acordo da Xunta Xeral, seguindo os requisitos que se sinalan no artigo 23º destes estatutos.

1.4. Por unión, fusión ou absorción dalgún outro colexio profesional.

Por falta de colexiados que non permita cubrir o previsto na Xunta de Goberno.

2. A disolución do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia, agás nos casos en que se estableza por lei, realizarase segundo establece a Lei 11/2001, do 18 de setembro, de colexios profesionais da Comunidade Autónoma de Galicia, por acordo da Xunta Xeral; exixindo para a súa validez o voto favorable da metade máis un, polo menos, dos votos emitidos, conforme o sinalado no artigo 26º.

3. Este acordo deberá ser elevado ao órgano competente da Administración autonómica para a súa aprobación por decreto da Xunta de Galicia.

Artigo 75º.-Do cambio de denominación do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia.

1. A Xunta Xeral do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia poderá acordar o cambio de denominación do colexio cando, por iniciativa da Xunta de Goberno ou dun número de colexiados superior ao 10 por 100, se entenda que outra denominación identifica mellor a profesión ou as titulacións posuídas polos seus membros, sen que se trate en ningún caso dunha fusión, absorción ou agrupación de colexios.

2. O acordo exibirá, para a súa validez, o voto favorable da metade máis un, polo menos, dos votos emitidos, conforme o sinalado no artigo 26º.

3. Este cambio seralle comunicado ao órgano da Administración autonómica competente ao respecto para a súa modificación no Rexistro de Colexios e Consellos de Colexios Profesionais de Galicia, se for o caso, sen que se trate dunha modificación estatutaria.

Disposicións transitorias.

Primeira.-Xunta Rectora en funcións e convocatoria de eleccións.

A Xunta Rectora da Delegación de Galicia do Colexio Oficial de Biólogos actuará como Xunta de Goberno en funcións do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia ata a realización das eleccións para constituír unha nova Xunta de Goberno do novo colexio, segundo o disposto no capítulo VII destes estatutos. As devanditas eleccións deberán ser convocadas no prazo máximo de seis meses a partir da aprobación dos estatutos pola Xunta Xeral.

Segunda.-Regulamentos de ordenación profesional do Colexio Oficial de Biólogos.

1. O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia asumirá como propios, mentres que o Colexio Oficial de Biólogos non se pronuncie en contrario, os regulamentos de ordenación profesional que sobre distintos ámbitos de actividade profesional fosen aprobados pola Xunta Xeral do Colexio Oficial de Biólogos, da cal formaban parte ata a súa segregación os colexiados do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia.

2. Estes regulamentos poderán ser substituídos, modificados ou revogados por acordo da Xunta Xeral do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia por iniciativa da súa Xunta de Goberno.

Disposición derradeira.

Única.-Estes estatutos entrarán en vigor no momento en que se indique no decreto polo que se aproben os estatutos do Colexio Oficial de Biólogos de Galicia.

Resolución do 15 de xullo de 2008, da Secretaría Xeral de Comunicación, pola que se modifican os importes das aplicacións orzamentarias correspondentes á Resolución do 13 de marzo de 2008 pola que se convocan axudas para apoiar o desenvolvemento e a organización de festivos do sector audiovisual dentro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008.

Pola resolución do 13 de marzo de 2008, a Secretaría Xeral de Comunicación convocou axudas para apoiar o desenvolvemento e a organización de festivos do sector audiovisual dentro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2008 (DOG número 56, do 24 de marzo).

Segundo o artigo 3.1º da devandita resolución, a Secretaría Xeral de Comunicación dedicará un